OBRA Concha Blanco faise co VI Premio Pura e Dora Vázquez de narración con 'Encontros ás agachadas'

Futurista e imaxinativa

A Deputación de Ourense abre agora o prazo para ilustrar o libro da ceense, un galardón de 3.000 €

Redacción · Santiago

A escritora e profesora ceense Concha Blanco fíxose onte co VI Premio Pura e Dora Vázquez de narración, que concede a Deputación de Ourense, pola súa obra *Encontros ás agachadas*. O xurado valorou o seu "carácter futurista", así como a súa "trama imaxinativa" e a linguaxe "coloquial e agradable".

Segundo a acta, o libro "defende a interculturalidade e pon de manifesto valores como a amizade e os sentimentos máis positivos como a tenrura e a confianza no ser humano".

O xurado tamén fixo unha mención especial ao texto presentado por Xesús Manuel Marcos López.

O premio, dotado con 3.000 euros, inclúe unha segunda volta xa que a partir de agora, as persoas interesadas en ilustrar o texto gañador poderán solicitarlle a obra de Concha Blanco á Deputación de Ourense. O debuxante que resulte premiado recibirá tamén 3.000 euros.

A autora galardoada, Concha Blanco, é mestra no Instituto de Ensino Secundario Agra de Raíces (Cee). Recibiu galardóns da Agrupación O Facho, un accésit Lazarillo en 1997, o Premio Lecturas en 2002 e o Premio Arume de Poesía da Fundación Neira Vilas o ano pasado.

Foi finalista do Barco de Vapor en 1988 e do Merlín, en 1996, 1999 e 2003. Publicou obras de literatura infantil e xuvenil como *O noso Pepe*, *A vaca titiriteira*, *O milagre de Carola*, *A papoula era máxica*, *A disco ecoloxista*, *A min que me importa!* así como *Habitación 202* ou *Cantos da rula*, entre outros. ●

A profesora e escritora Concha Blanco cun dos seus últimos libros

DATOS

O ano pasado, finalista

O ano pasado, a escritora ceense quedou finalista do concurso coa obra *Os poderes máxicos de Aitema*. Daquela, o profesor e crítico Miro Villar acadou o Premio Pura e Dora Vázquez coa súa primeira novela curta para lectores xuvenís, *O nariz de Fiz*.